




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa do Pindo e Monte Louro. Municipio: Carnota e Muros nunha franxa ao leste. Parroquias: Santa María de Lira e San Martiño de Lariño en Carnota; e en Muros, San Xoán de Serres, ao norte, e Santiago de Louro ao sur. Extensión: 7,26 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estruturada a partir dunha chaira litoral que dende a Praia de Lariño se prolonga paralela á liña de costa, introducíndose abruptamente no relevo a través dos vales encaixados do río Lariño e do arroio dos Feales. As pronunciadas ladeiras que circundan esta chaira litoral provocan que os leitos fluviais se encaixen formando estreitos barrancos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atópase dentro do Dominio herciniano. A maior parte dela componse dun granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros, aínda que as esquinas nordeste, norte, noroeste e a banda extrema oeste, están modeladas nun granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza. O límite setentrional da unidade presenta novamente o granito Tipo Muros. Nas cabeceiras, límite da unidade polo norte, dos arrosios Lariño e Barranqueira de Rimao, na do Rego dos Feales, límite nordeste, e na área da Punta da Insua, aparecen enclaves de xistos con niveis de cuarzitas, que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. No Cuaternario holoceno, tras o areal de Lariño aparecen depósitos aluviais no fondo do val costeiro formado polos arrosios Lariño e dos Feales. Ademais, aparecen os depósitos pleistocenos de fronte costeira frecuentes nesta comarca.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte da unidade inclúese dentro do ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 14° C e a amplitude térmica media rolda os 13° C. As precipitacións oscilan entre 1200 mm e 1400 mm. Non obstante a parte alta da cunca de Lariño é máis húmida e ten temperaturas máis frescas polo que pertence ao dominio Temperado e Moi Húmido: temperatura media entre 13° C e 14° C, precipitacións máximas de 1600 mm, e a amplitude térmica de 13,5°C a 14,5°C.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos e háplicos sobre os sedimentos cuaternarios que forman a praia de Lariño. Tras o complexo sedimentario a escasa pendente do val favorece a formación de solos profundos do tipo cambisol dístico e nas ladeiras desenvólense solos menos evolucionados en relación co incremento da pendente e o afloramento do substrato rochoso en superficie de modo que se atopan umbrisoles dísticos, regosoles e na cabeceira leptosoles líticos.


AS AUGAS

Esta unidade artícuase baseándose en dous vales fluviais encaixados que a percorren de nordeste a sueste aproveitando as liñas de debilidade do relevo. Trátase do arroio de Lariño, ao norte, que conta coas barranqueiras de Lagarteira e de Simou como principais afluentes, ambos os dous pola marxe dereita; e do arroio dos Feales, ao sueste. Ambos os dous desembocan na praia de Lariño, ás Augas Costeiras situadas entre a Punta dos Remedios e a Punta de Louro (20146).

O PATRIMONIO NATURAL

Franxa costeira de dunas, praia e chaira costeira próxima incluídas no LIC Monte e Lagoa de Louro. O conxunto de dunas suma ao grupo 21, dunas atlánticas, a potencialidade do hábitat 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. Son dunas remontantes que contan con sectores vexetados na chaira costeira, sobre antigas cristas. Existen bosques ripícolas (91 E 0) destacables nos arrosios de Lariño e dos Feales. Na desembocadura curso baixo destes cursos aparece hidromorfía con prados húmidos (6420 e 6430), que na zona de dunas asemellan ao hábitat 2190, depresións intradunares húmidas. Nas zonas de cultivo de Lariño existen pequenas agrupacións de frondosas de recolonización a partir do abandono de terras con lindes vexetados.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade rica en coberturas que propicia unha complexa matriz biofísica. Así, a fronte litoral está presidida polo branco areal de Liñares que exerce de poderoso reclamo turístico. Cara ao interior ábrese paso os fértiles campos de cultivo vinculados aos núcleos tradicionais. A porcentaxe máis elevada de usos corresponde ao forestal, poboando as ladeiras dos vales formados polo Río Lariño e o Arroio dos Feales, onde aínda se conservan masas de bosques ripícolas.

MORFOLOXÍA

Na unidade prevalecen dous núcleos tradicionais, Lariño (considerado núcleo de identidade do litoral) e A Gándara. A súa situación no territorio é a típica da costa de Carnota, ao pé dos montes que encerran a unidade dominando os terreos de cultivo. Estes núcleos caracterízanse por un modelo de asentamento concentrado (o de Lariño concéntrase ao redor da súa igrexa), con vivendas dunha soa planta con construcións secundarias asociadas. A partir do núcleo primitivo, desenvolveuse unha periferia, ao redor das vías, de forma desordenada e moi dispersa, ocupando parcelas desligadas do núcleo principal e que antes tiñan asociados outros. En canto á tipoloxía construtiva que se desenvolveu na periferia dos dous núcleos, segue manténdose as construcións dunha ou dúas plantas, pero cun carácter residencial. Hai que destacar que na zona sueste da unidade, nas proximidades da praia, apoiándose na AC-550, implantáronse construcións espontáneas unifamiliares de segunda residencia.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Como xa sucede nas anteriores unidades, a vía principal é a AC-550, que percorre toda a costa. Esta vía cruza a unidade transversalmente pegada á fachada litoral. Dende ela parten dúas estradas locais, a primeira dirixese cara ao núcleo de Lariño e a segunda, toma dirección cara á costa rematando no faro de Punta Insua. O resto da rede componse de camiños forestais que unen os montes Alto da Costa do Raposo, Alto da Boca dos Curros, Pedra da Paciencia e Monte Rodeiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como en case toda a costa de Carnota existe unha gran variedade de elementos patrimoniais, tanto arqueolóxicos como culturais. Nos cumes do Alto da Costa do Raposo e Alto da Boca dos Curros existen catro petroglifos catalogados e o asentamento prehistórico de Outeiro dos Mouros. En canto ao patrimonio cultural, a maior parte de elementos sitúanse no núcleo de Lariño. Son conxuntos de elementos formados por hórreos, cruceiros, pombais e multitude de casas tradicionais.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe tradicional que se desenvolveu sobre as suaves formas sedimentarias nas que aparecen os núcleos tradicionais de Lariño e A Gándara, emprazados aos pés dos montes que enmarcan a unidade. Entidade de carácter agrario que pouco a pouco vai reorientándose cara ao sector turístico debido á naturalidade da súa paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade cun alto grao de naturalidade, onde destaca a súa praia de area fina aberta ao Océano Atlántico, e como fondo escénico un val cuberto dunha frondosa vexetación onde aínda quedan masas de antigos bosques autóctonos. Unha paisaxe cunha rica paleta cromática e de texturas de alto valor estético, onde os elementos naturais exercen un destacado papel. Dende o Faro de Punta Insua podemos obter unha visual en conxunto, cun fondo moi singular formado nun primeiro termo polo Monte Rodeiro e nun segundo nivel o Monte Louro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos lineais ao longo da estrada AC-550 que marcan a fachada litoral, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares na fronte costeira desvinculadas dos núcleos fundacionais e sen funcións urbanas que xeren un continuo construído que impida a contemplación do horizonte litoral, tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



